

PEZA DO MES


marzo

2018



VIRXE DO CARME
RETABLO DE ALONGOS

XUNTA DE GALICIA



Virxe do Carme. Retablo de Alongos

A presente talla presidía o retablo da capela do pazo ou Casa Grande situada no barrio de Outeiro en Alongos (Toén, Ourense), coñecida despois como Casa de Saco por ter nacido nela o presbítero humanista Juan Antonio Saco y Arce (1812-1881), autor dunha abondosa obra poética e da que se considera a primeira gramática galega científica, publicada en 1868.

A casa fora edificada no primeiro terzo do século XVIII por Roque Martínez Feijoo, abade de santa María de Larouco e o seu anexo santa María de Seadur. Trátase dun dos vellos e abondosos soares fidalgos que existiron na parroquia de san Martiño de Alongos, como acreditan os brasóns conservados. Aínda hoxe pódese ver no portalón de entrada da casa solariega un escudo heráldico partido con cimeira volta a destro, que leva as armas dos Martínez –un castelo e un xedrezado– e dos Feijoo –unha espada acompañada de seis bezantes, tres a cada lado–.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense custodia unha copiosa e interesante documentación proveniente da familia, entregada no seu momento

por Juan Luís Saco Cid, da que extraemos algunhas notas de interese para o tema que nos ocupa. Así, en 14 de outubro de 1762 o bispo Fr. Agustín de Eura outorga licenza para edificar unha capela «*inclusa en dicha casa, y pegada a sus paredes*» por solicitude de don Francisco Feijoo, quen xustifica a súa petición en «*que su casa...dista un quarto de legua de la Iglesia Parroquial..., y no sin bastante trabajo se llega a ella, mayormente en tiempo de invierno, en que muchas veces no se puede badear un riachuelo...y que el suplicante y su muger se allan septuagenarios en la edad, y algunas veces se quedan sin poder oír misa en los días festivos*» (AHPOu. Familias. Saco Cid. Caja 14.238, doc. 164). En 5 de agosto de 1763, don Roque Martínez, xunto coa súa irmá Josefa Martínez e o esposo desta Francisco Feijoo fan documento de dotación mancomunada da capela, no que se expresa como «*Dn Roque tiene ajustado con Maestros de Carpintería, cantería, y escultura la fabrica de una Capilla con su retablo he Imágenes de Santos, y por Patrona N. Señora de el Carmen*» (AHPOu. *Ibidem*).

Unha vez rematadas as obras, en 22 de setembro de 1764, Francisco Feijoo solicita o permiso para poder celebrar misa na dita capela, e declara «*la tengo*

enteramente fabricada y dezentemente adornada para poder en ella zelebrar el santo Sacrificio de la misa» (AHPOu. *Ibidem*), o que nos proporciona unha datación axustada da súa realización, aínda que, polo de agora, descoñecemos a autoría, tanto da capela como do retablo.

Este último, coas súas imaxes, ingresou no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense por compra ao anticuario ourensán Venerando Lamas Vázquez (Casa Ros), mediante Orde Ministerial de 5 de maio de 1967, por un prezo de 130.000 pesetas, segundo consta na documentación conservada no museo. Durante un tempo estivo exposto nas salas de exposición permanente e actualmente encóntrase desmontado nas súas salas de reserva.

Realizado en madeira, estrutúrase en dous corpos, asentados sobre un banco ou predela, ocupado na súa parte media polo Sagrario. O corpo principal presenta un maior desenvolvemento no pano central, onde ostenta unha fornela de medio punto franqueada por columnas de capiteis compostos e fustes recubertos por rica e abundosa ornamentación a base de rocallas, froitas e cabezas aladas de querubíns, enlazadas por sinuosas cintas.

Os tramos laterais mostran estreitas caixas, de escasa profundidade, que acollen esculturas de vulto, voadas sobre ménsulas e acubilladas baixo gardapós.

Todo o conxunto aparece enmarcado por decorados estípites, formados por unha sucesión de formas xeométricas superpostas, de forte sabor prismático.

Unha potente cornixa de liñas quebradas e de notable maior altura na parte central dá paso ao corpo superior, que alberga unha fornela entre estípites, franqueada por aletóns de róleos. No ático, como coroamento, campea un escudo partido con cimeira que ostenta as armas dos Feijoo e Martínez, como patrocinadores da fábrica.

Os seus xogos volumétricos e a preponderancia dos elementos decorativos, cun repertorio formal con profusión de motivos de rocalla, así como o dourado na policromía dos detalles ornamentais, favorecendo os xogos de luces e sombras, confírenlle un marcado carácter rococó.

Iconograficamente, o conxunto estaba presidido pola talla da Virxe do Carme, imaxe titular a quen se dedica a capela. Nas caixas laterais acollía dun lado o franciscano santo Antonio de Padua, e doutro a san Roque co traxe de peregrino, e no corpo superior

a san Xosé co Neno. Todas as imaxes mostran unha notable calidade técnica e un tratamento que encaixa á perfección co sinalado estilo rococó do conxunto do retablo.

A imaxe da Virxe está delicadamente tallada en madeira, dourada e policromada, e ten unhas dimensións de 94 x 33 x 46 cm. Representa unha muller nova cun rostro ovalado de suaves faccións e expresión serea, enmarcado por un pomenorizado cabelo que cae nunha longa guedella sobre un dos ombreiros. Vai toucada cun movido veo e ampla coroa dourada. Na man dereita, estendida, ofrece o atributo iconográfico do escapulario, símbolo de protección, e coa man esquerda suxeitaría o Neno, hoxe perdido.

María viste o hábito carmelitano formado por unha túnica marrón que ostenta o brasón da Orde no escapulario, o que a identifica como a súa patroa. Sobre o hábito loce un amplo e voado manto de cor branca con estrelas e cenefas douradas, suxeito sobre o peito cun broche circular, e calza ricos zapatos de cor vermella. Os panos ofrecen un tratamento de pregues duros e acartonados que conseguen notables efectos luminosos, reforzados pola súa movida disposición e pola fermosa e fastosa policromía dourada de tema floral do hábito, en consonancia coa linguaxe artística propia da época en que foi realizada. Linguaxe á que responde tamén a concepción dinámica da figura, disposta en airosa pose, cunha pronunciada flexión de ambas as pernas. A imaxe asenta, en inestable postura, sobre as cabezas aladas de dous querubíns que xunto a un regordete e sonrosado anxo nu xorden dun grupo de nubes encaracoladas conformando o trono da Virxe.

A orixe da advocación da Virxe do Carme ou Nosa Señora do Carme rastrexámola no chamado Monte Carmelo da cidade de Haifa, ao norte de Israel, lugar onde un grupo de ermitáns, inspirados polo profeta Elías, fundou a Orde dos Carmelitas no século XII. A Orde estenderíase posteriormente por todo o mundo e acadaría unha especial difusión nos países de Hispanoamérica, xunto á devoción mariana nesta particular denominación, referida tamén como Santa María do Monte Carmelo.

Unha das representacións iconográficas máis coñecidas é a da aparición milagreira da Virxe a san Simón Stock, e a entrega do escapulario profiláctico, que promete a salvación do lume eterno a quen queira que o porte, feito que, segundo a tradición carmelitana, tivo lugar o 16 de xullo de 1251.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñíbles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



galicia



XUNTA
DE GALICIA